



C O N C E L L O
D E
S A D A
(A CORUÑA)

DECRETO

Asunto: *Adiamento do 1º exercicio da bolsa de emprego de prazas de Escala de Administración Xeral Subescala Auxiliar (PS 4/2020)*

Dado que polo Decreto da Alcaldía núm. 485/2020, do 9 de marzo aprobouse a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo para a confección dunha bolsa de emprego de prazas de persoal funcionario da Escala de Administración Xeral Subescala Auxiliar, e convocouse ás persoas aspirantes para a realización do 1º exercicio o día 13-3-2020 ás 12.00 horas.

Considerando a situación actual derivada da declaración de pandemia do “Coronavirus”, o número de persoas aspirantes convocadas no proceso e o espazo reservado para a celebración.

Co obxecto de actuar con carácter preventivo para minimizar os riscos ao abeiro da atribución que recolle o artigo 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, resolvo:

1º Adiar a celebración do 1º exercicio do proceso selectivo para a confección dunha bolsa de emprego de prazas de persoal funcionario da Escala de Administración Xeral Subescala Auxiliar ata que se dite unha nova resolución que determine unha nova data de constitución do tribunal e de convocatoria de celebración do 1º exercicio que se publicará oportunamente.

2º. Publicar esta resolución no taboleiro, na sede electrónica e na web municipal.